

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE AGOSTO DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual agosto 2020	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en agosto de 2020.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en agosto de 2020	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR.....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 03/09/2020



Mes de agosto moi húmido e normal en canto ás temperaturas.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de agosto quedou marcado por una primeira semana anticiclónica, de forte calor, pero unha situación moito máis irregular a partir do día 10, con chegada dalgunhas fronteiras activas e borrascas dende o Atlántico norte. Isto fixo que as chuvias estivesen en toda a Comunidade por riba do valor climático, mentres que nas temperaturas, o exceso de calor dos primeiros días quedou compensado con xornadas frías na segunda quincena.

Así, o mes comezaba cun primeiro día con anticiclón débil que deixaba tempo seco, solleiro pola tarde, pero con temperaturas suaves. Este panorama repetiuse, con poucas variacións nas xornadas do 2 e do 3.

A partir do día 4 as altas presións fortalecéronse e movéronse cara ao norte, de xeito que ademais de deixar ceos despexados, foron atraendo unha masa de aire cálido que deixaba temperaturas moi elevadas.

O día de máis calor deste episodio foi o 6, cando moitas estacións do interior da Comunidade superaban os 40°C.

Nas xornadas do 8 e o 9 as elevadas temperaturas persistiron no interior, aínda que con valores algo máis baixos, mentres no litoral unha masa de aire atlántico deixaba nubes baixas, néboas e un descenso acusado nos termómetros.

Este descenso chegaba tamén ao interior nas xornadas do 10 e o 11, con fenómenos tormentosos significativos na xornada do 11 no interior da Comunidade. A presenza dunha baixa no Cantábrico, moi preto de Galicia deixaba o día 12 unha xornada de chuva xeneralizada en toda Galicia que en moitos momentos caía con intensidade moderada e mesmo forte, acumulándose cantidades moi significativas que en moitos puntos superaron amplamente os valores climáticos de todo o mes.

Os días 13 e 14 presentaron situacións intermedias, con máis nubes pola mañá e máis sol pola tarde, pero de novo na xornada do 15 as baixas presións achegábanse a Galicia e deixaban unha situación de temperaturas por debaixo da expectativa e algunhas precipitacións.



Esta situación de inestabilidade prolongouse ata o día 19, cando unha borrasca moi profunda deixaba unha xornada con fortes ventos do suroeste e chuvia persistente nas comarcas atlánticas durante o día, pero particularmente forte e xeneralizada ao final da xornada cadrando co paso dun sistema frontal moi activo.

O día 20 foi de transición, con apertura progresiva de claros e xa entre o 21 e o 26 gozamos dunha situación estable con tempo seco e soleado, pero sen as elevadas temperaturas da primeira semana do mes.

A situación mudaba de novo o día 27 coa chegada dunha fronte que deixaba ceos grises e algunha chuvia feble, pero o cambio máis intenso tivo lugar a partir do 28 coa chegada dunha masa de aire frío procedente do Atlántico norte que ocasionaba un importante descenso térmico e atraía algúns chuvascos á zona norte da Comunidade.

Eses chuvascos e a sensación de frío incrementáronse na xornada do 29, quedando o 30 algo máis estable, aínda que con temperaturas baixas para a época do ano. O derradeiro día do mes, as altas presións entraron novamente en Galicia, o tempo foi seco, pero as temperaturas aínda baixas, principalmente as mínimas.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) preséntase unha anomalía negativa bastante forte situada ao Oeste de Irlanda. Esta anomalía apenas afectou a Galicia, deixando a nosa Comunidade sen unha influencia clara de ningún centro de presións, o que ocasionou que o mes alternase xornadas estables con outras de borrascas profundas.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Agosto-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Agosto-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	AGOSTO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.0/20.2	19.6	21.5 (2003)	17.0 (1983)
Tª mínima media	17.0/17.2	16.4	18.1 (2003)	14.0 (1951)
Tª mínima absoluta	12.7/12.9 (día 31)	9.4 (17/08/1953)		
Tª mínima máis alta	19.6/19.6 (día 18)	22.8 (20/08/1993)		
Tª máxima media	23.0/23.1	22.7	25.0 (2003)	19.6 (1963)
Tª máxima absoluta	26.0/26.2 (día 27)	39.6 (28/08/1961)		
Tª máxima máis baixa	19.8/19.8 (día 29)	16.0 (30/08/1956)		
Precipitación acumulada	112	21-36	158 (1946)	0 (1940)
Días de chuvia (≥1mm)	9	6	15 (1946)	0 (1940)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que para as máximas e as medias o mes resultou cálido, pero con valores que non estiveron moi lonxe da normalidade.

En canto á precipitación o mes resultou extremadamente húmido ao superarse as efemérides no período de referencia 1981-2010, o número de días de chuvia tamén superou ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	AGOSTO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.6	19.9	23.2 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	14.8	14.6	17.4 (2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	9.0 (día 30)	7.3 (29/08/1986)		
Tª mínima máis alta	18.5 (día 11)	23.9 (20/08/1986)		
Tª máxima media	24.3	25.2	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	35.0 (día 6)	39.7 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	19.2 (día 17)	16.7 (30/08/1992)		
Precipitación acumulada	113	38-52	210 (2004)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	9	5	15 (2004)	1 (1998)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que nesta localidade, resultou frío para as máximas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido, que se reflicte tamén no elevado número de días de chuvia, respecto ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	AGOSTO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.0	19.1	22.0 (2003)	16.8 (1982)
Tª mínima media	13.5	12.8	14.8 (2003)	10.6 (2000)
Tª mínima absoluta	6.4 (día 31)	3.5 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	17.8 (día 27)	20.2 (28/08/2015)		
Tª máxima media	26.4	25.4	29.2 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	38.9 (día 6)	40.5 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	17.5 (día 12)	14.0 (06/08/1982)		
Precipitación acumulada	70	22-35	91 (1992)	0 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	9	4	10 (1992)	0 (1985)

Comentario: Mes en xeral cálido tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, así como o número de días de chuvia, resultando un mes de agosto moi húmido nesta localidade.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	AGOSTO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.4	20.5	22.7 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	15.6	14.7	17.6 (2003)	11.2 (1963)
Tª mínima absoluta	10.0 (día 31)	3.4 (08/08/1971)		
Tª mínima máis alta	19.6 (día 27)	22.5 (03/08/2003)		
Tª máxima media	25.2	26.3	29.3 (2003)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	30.7 (día 4)	38.3 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	30.7 (día 17)	17.0 (29/08/1963)		
Precipitación acumulada	93	29-59	139 (2004)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	7	5	12 (2004)	0 (1981)

Comentario: Nesta localidade as temperaturas medias acadaron valores normais pola compensación das mínimas e as máximas para as que o mes resultou cálido e frío, respectivamente.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes foi moi húmido e tamén presentou un número de días de chuvia superior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2020. Temperatura: 1958-2020.



OURENSE

	AGOSTO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.7	22.6	25.5 (2003)	19.2 (1977)
Tª mínima media	14.9	14.8	17.3 (2003)	11.5 (1985)
Tª mínima absoluta	7.6 (día 31)	5.6 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	18.9 (día 11)	23.2 (22/08/1985)		
Tª máxima media	30.5	30.6	34.0 (1998)	24.9 (1977)
Tª máxima absoluta	40.7 (día 6)	42.5 (03/08/2018)		
Tª máxima máis baixa	22.9 (día 29)	18.0 (30/08/1974)		
Precipitación acumulada	34	16-23	88 (1976)	0 (1978)
Días de chuvía (≥1mm)	6	4	8 (1983)	0 (2009)

Comentario: Mes normal en xeral para todas as temperaturas, se ben para as mínimas foi lixeiramente cálido.

A precipitación rexistrada superou o rango de valores normais, cun valor suficiente para considerar o mes moi húmido. En canto ao número de días de chuvía, tamén foi superior ao valor climático agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.*

5 TEMPERATURA

Os valores medios do mes non se afastaron moito do normal dun mes de agosto, aínda que a variabilidade si foi alta. Tivemos un episodio bastante prolongado de temperaturas extremas nos primeiros días do mes, pero moitas xornadas frías na segunda quincena que compensaron ás anomalías de temperatura.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de agosto de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de agosto para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 24.5 °C. Os valores máis altos rexistráronse nas Ribeiras do Miño e do Sil así como na comarca de Verín, con valores que superaron os 30 °C de media. As máximas máis baixas déronse nos puntos máis elevados da provincia de Ourense (Manzaneda e Pena Trevinca), con máximas medias que apenas acadaron os 17 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de agosto, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 13.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca da Limia, superando lixeiramente os 6.3 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse en practicamente todo o litoral galego, destacando a comarca de A Coruña, onde nalgúns puntos chegaron a superar os 18 °C de temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de agosto de 2020.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media foi moi heteroxéneo, tal e como se pode apreciar na Figura 5. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de $+0.2\text{ }^{\circ}\text{C}$, resultando un mes normal para a época do ano. Presentou sen embargo, grandes contrastes entre zonas como a Terra Chá ou a comarca de Verín, con anomalías positivas que superaron os $+1.3\text{ }^{\circ}\text{C}$, mentres que as Serras surorientais e parte da comarca de Valdeorras presentaron anomalías negativas que mesmo acadaron os $-1.3\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de agosto de 2020 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) superaron os +1 °C e repartíronse por diferentes puntos do territorio galego. As máis baixas (Táboa 2) tiveron lugar en zonas montañosas do leste de Ourense e rexións da costa oeste de A Coruña, con valores en torno aos -0.9 °C.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Lugo	Lugo	1,2
Verín	Ourense	1,1
Cambre	A Coruña	1,1
Carballiño (O)	Ourense	1,0
Cariño	A Coruña	0,9
Vilardevos	Ourense	0,9
Vicedo (O)	Lugo	0,9
Cedeira	A Coruña	0,9
San Amaro	Ourense	0,9
Guntín	Lugo	0,9

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de agosto de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carnota	A Coruña	-0,9
Rubiá	Ourense	-0,9
Carballeda de Valdeorras	Ourense	-0,9
Fisterra	A Coruña	-0,8
Barco de Valdeorras (O)	Ourense	-0,8
Muros	A Coruña	-0,8
Corcubión	A Coruña	-0,8
Viana do Bolo	Ourense	-0,7
Gudiña (A)	Ourense	-0,7
Veiga (A)	Ourense	-0,7

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de agosto de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de agosto de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Destaca o día 6 con valores moi altos de temperaturas máximas. Nesta xornada superáronse os 40 °C en moitas estacións por debaixo dos 1000 m e incluso os 30°C en zonas de maior altitude (maioritariamente da provincia de Ourense).

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/08/2020	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	41,4
06/08/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	41,2
06/08/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	40,8
06/08/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	40,7
06/08/2020	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	40,5
06/08/2020	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	40,2
06/08/2020	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	39,9
06/08/2020	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	39,6
06/08/2020	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	39,6
06/08/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	39,4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/08/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	34,0
06/08/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	33,3
06/08/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	33,2
06/08/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	33,2
06/08/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	32,7
06/08/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	32,7
06/08/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	31,8
06/08/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	30,9
06/08/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	30,8
06/08/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	30,5

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de agosto de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacan os dous últimos días do mes, especialmente o día 30 en altitudes maiores e o 31 en altitudes inferiores. Nestas xornadas moitas estacións rexistraron mínimas por debaixo dos 3 °C.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/08/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	1,5
30/08/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	1,8
30/08/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	2,1
30/08/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	2,3
30/08/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	3,5
31/08/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	4,0
30/08/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	4,5
30/08/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	4,6
31/08/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4,6
30/08/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	4,6

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2020 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/08/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-0,2
31/08/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	2,7
31/08/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	2,8
31/08/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	2,9
31/08/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	3,3
31/08/2020	Castro De Rei	CASTRO DE REI	Lugo	3,5
31/08/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	3,7
31/08/2020	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	3,7
31/08/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	3,9
31/08/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	4,0

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2020 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 20.1 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para agosto.

A anomalía media da temperatura para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.13 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Este valor de anomalía é moi similar ao acadado no ano anterior, que foi lixeiramente superior. Nesta ocasión as temperaturas máximas presentaron unha anomalía de -0.18° C, resultando normais, e as mínimas sen embargo, foron lixeiramente cálidas cunha anomalía de +0.44°C.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en agosto, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

O mes foi moi húmido en toda a Comunidade. Isto debeuse esencialmente a dúas xornadas con precipitacións abondosas, concretamente os días 12 e 19. Cada un deses días por separado xa superaría os valores normais de agosto, e os dous sumados, engadindo algún día de chuvia máis feble, fai que teñamos que caracterizar o mes como moi húmido en gran parte da Comunidade.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 92 L/m². O norte da Comunidade onde destacou a comarca da Mariña Central en Lugo e a comarca do Sar no oeste da Galicia, tivo rexistros de precipitación acumulada de 266 L/m², segundo os valores do mapa. Mentres que existe un grande contraste coa comarca da Limia, á que non se achegaron as fronteiras máis activas que afectaron a Galicia, nin tampouco sufriu as fortes chuvias rexistradas na xornada do 11 de agosto, debidas ás treboadas. Deste xeito resultou a zona máis seca de Galicia, con rexistros de precipitación acumuladas que apenas superaban os 5 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de agosto de 2020.

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de agosto con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 117 % superior ao período de referencia 1981-2010. Así, pódense apreciar como os episodios máis chuviosos deixaron porcentaxes de precipitación de máis dun 390% por riba do normal nesta época do ano, en contraste a comarca da Limia presentou unha porcentaxe de precipitación moi baixa, resultando esta rexión moi seca.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de agosto de 2020.

6.2. Días de chuva en agosto de 2020

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 8. Os valores máis altos acadáronse na metade norte da Comunidade, onde se superaron os 10 días de chuva e incluso se chegaron a acadar os 16 nalgunhas zonas. En contraste, o sur de Ourense foi onde menos días de chuva houbo este mes de agosto, con estacións que incluso non chegaron a rexistrar ningún.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de agosto de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de agosto. As precipitacións acumuladas máis altas chegaron a superar os 200 L/m² en puntos elevados das provincias de A Coruña e Lugo. Así mesmo, destaca o días 11 en concreto, cando se rexistraron os valores acumulados máis importantes, chegando a acumularse máis de 40 L nunha hora.

Precipitacións acumuladas máximas en agosto de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Labrada	ABADÍN	Lugo	280
Muralla	LOUSAME	A Coruña	246
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	194
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	193
Guísamo	BERGONDO	A Coruña	187
Cespón	BOIRO	A Coruña	183
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	179
O Xistral	MURAS	Lugo	179
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	173
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	172

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de agosto de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Labrada	Lugo	ABADÍN	135	11/08/2020 15:40
O Val	A Coruña	NARÓN	99	11/08/2020 12:00
Guísamo	A Coruña	BERGONDO	99	11/08/2020 22:00
Lanzós	Lugo	VILALBA	96	11/08/2020 16:30
Muralla	A Coruña	LOUSAME	90	18/08/2020 21:40
Xesteiras	Pontevedra	CUNTIS	86	16/08/2020 16:50
Aldea Nova	A Coruña	NARÓN	85	11/08/2020 15:30
Marco da Curra	A Coruña	MONFERO	84	11/08/2020 16:00
Fragavella	Lugo	ABADÍN	82	11/08/2020 14:30
Olas	A Coruña	MESÍA	82	11/08/2020 20:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de agosto de 2020.

6.3. Evolución da precipitación en agosto de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 77 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para agosto.

A anomalía media das precipitacións para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 94 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade, sendo o sexto ano máis húmido da serie climática nesta época do ano. O precedente máis húmido atopámolo no ano 2004.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en agosto, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Como se pode observar na Táboa 9 o día 19 de agosto rexistráronse refachos de vento moi fortes en varias estacións debido ao paso dunha borrasca profunda, maioritariamente en puntos elevados do norte da Comunidade.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en agosto				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
19/08/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	110,3
19/08/2020	O Xistral	MURAS	Lugo	109,6
19/08/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	105,4
19/08/2020	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	102,7
19/08/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	100,3

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de agosto de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñent e dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	88.6	NE	14	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (19135) # 01/08/2020 a 01/09/2020#10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (19135) # 01/08/2020 a 01/09/2020</p>
		Día 19				
Pta. Candieira	Cedeira	105.5	NE	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10092) # 01/08/2020 a 01/09/2020#10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10092) # 01/08/2020 a 01/09/2020</p>
		Día 19				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente e dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	79.9	O	6		
		Día 19				
Marco da Curra	Monfero	89.6	SO	9		
		Día 19				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de agosto de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	110.3	SO	7		
		Día 19				
Ancares	Cervantes	87.5	NE	12		
		Día 11				

Táboa 11: Resumo vento no mes de agosto de 2020 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	73.1	NO	5		
		Día 20				
Rodicio	Maceda	54.0	NE	12		
		Día 19				
Gandarela	Celanova	49.0	NO	48		
		Día 20				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de agosto de 2020 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	67.7	N	19		
		Día 19				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Cíes	Vigo	85.7	SO	25	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Illa Cíes (10125) # 01/08/2020 a 01/09/2020#10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Illa Cíes (10125) # 01/08/2020 a 01/09/2020</p>
		Día 19				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de agosto de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de agosto de 2020.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de agosto 1664 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse na súa maioría o día 11 do mes, con máis de 1600 raios nesta xornada de moitas treboadas e gran aparato eléctrico(Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en agosto de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na figura 16 máis do 60% rexistráronse na provincia de Lugo, mentres que na de A Coruña tan só se contabilizaron 6 raios este mes de agosto.



Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en agosto de 2020.



Na figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en agosto en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Este é o terceiro ano con máis raios rexistrados da última década. Pese a que o valor é moito máis baixo que o dos anos 2016 e 2017, este ano supera aos raios caídos o agosto do ano pasado.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en agosto dende 2010 a 2020.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 8

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	18.1	23.29	30.8	6	14.7	8.7	31	143	58.0	12	**	84	100	60	39	169	1520	14	102	19	**	**	**	**	15	0		
Abradelo	17.7	24.34	36.3	6	12.7	8.3	22	69	20.5	17	**	74	95	46	56	241	1937	**	**	**	**	**	**	**	12	0		
**Alto do Faro	16.3	22.02	32.9	6	11.6	7.0	31	94	35.1	12	**	79	96	52	**	**	**	5	42	19	922	**	**	**	12	0		
**Alto do Poio	14.9	19.68	30.9	6	10.8	4.8	30	179	59.2	11	**	76	95	54	**	**	**	7	52	20	**	**	**	**	13	0		
Ancares	15.1	20.35	30.8	6	10.9	4.4	30	131	36.0	11	-5	74	94	52	59	253	2038	14	87	11	866	**	**	**	12	0		
**Borreiros	19.2	24.5	28.3	6	14.3	7.7	31	82	36.8	12	-24	84	100	62	43	185	1630	4	64	19	1008	**	**	**	14	0		
Bóveda	19.6	27.71	39.6	6	12.8	5.4	31	56	24.2	17	-85	71	94	40	56	239	1963	5	47	11	967	**	**	**	11	0		
Burela	17.5	20.69	26.8	19	15.2	11.7	30	119	63.2	12	3	85	96	68	40	173	1631	12	82	19	968	**	**	**	13	0		
Campus Lugo	19.0	26.38	38.9	6	13.5	6.4	31	70	27.8	12	-56	78	99	46	47	200	1817	5	56	19	970	**	**	**	10	0		
Castro R. de Lea	18.2	24.75	36.2	6	13.3	4.9	31	93	42.0	12	**	81	99	52	50	216	1861	**	**	**	968	**	**	**	13	0		
Conchada	19.0	26.8	37.0	6	13.4	8.3	30	61	19.6	12	**	77	97	49	58	248	2055	**	**	**	**	**	**	**	8	0		
Corno do Boi	16.4	22.37	34.8	6	12.6	7.9	30	105	29.2	19	0	83	98	58	46	199	1651	11	62	19	**	**	**	**	14	0		
Cospeito	17.7	24.49	36.8	6	12.0	4.1	31	110	41.4	12	-7	85	100	55	48	208	1852	7	60	19	**	**	**	**	14	0		
Courel	18.2	25.74	37.7	6	12.2	7.8	30	73	27.6	17	-71	73	96	43	60	256	2036	7	69	11	929	**	**	**	11	0		
Fontaneira	15.7	20.87	33.4	6	11.9	6.8	30	113	24.9	17	5	83	98	60	51	217	1724	14	58	20	906	**	**	**	15	0		
Foz	19.1	23.32	29.9	19	15.1	8.5	31	89	49.2	12	-24	81	96	63	43	185	1676	10	81	19	1008	**	**	**	14	0		
Fragavella	15.9	20.24	27.1	6	12.2	5.6	31	152	70.8	12	54	88	99	66	44	190	1664	12	83	18	948	**	**	**	17	0		
Guitiriz-Mirador	16.5	22.55	35.0	6	12.8	7.6	30	109	41.9	12	2	83	98	57	43	187	1648	8	58	19	938	**	**	**	13	0		
**Labrada	16.0	20.46	31.1	6	12.9	8.5	30	280	114.4	12	--	86	99	64	41	176	1615	9	58	19	**	**	**	**	14	0		
**Lanzós	16.8	23.72	36.5	6	10.3	2.7	31	154	91.0	12	**	84	98	60	**	**	**	2	29	19	962	**	**	**	12	0		
**Lourenzá	19.5	24.82	29.7	19	14.8	7.3	31	129	53.2	12	**	81	97	60	**	**	**	3	55	19	**	**	**	**	10	0		
Marroxo	18.7	25.71	36.9	6	14.0	9.1	30	57	18.8	12	-81	73	94	43	55	235	1923	8	51	19	944	**	**	**	9	0		
**Millara	20.2	27.84	39.0	6	14.6	8.3	31	56	15.8	17	**	74	96	43	**	**	**	6	45	20	**	**	**	**	10	0		
Monforte	20.5	28.62	40.2	6	13.8	5.1	31	48	17.4	12	-89	75	99	41	53	229	1945	3	43	29	**	**	**	**	9	0		
**Morelle	19.2	26.88	39.4	6	12.8	3.7	31	60	21.2	17	-54	80	100	48	43	183	1679	3	35	20	968	**	**	**	12	0		
O Cebreiro	15.1	22.4	31.8	6	9.7	4.6	31	172	69.7	11	-22	82	98	59	59	255	2031	11	71	11	872	**	**	**	12	0		
O Xipro	16.9	23.14	34.3	6	12.3	6.7	30	100	31.7	12	-20	83	100	54	52	224	1864	10	63	19	927	**	**	**	14	0		
O Xistral	13.6	17.02	23.4	8	11.7	7.3	30	178	76.1	12	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	17	0	
**Olveda	17.4	24.4	38.0	6	11.9	5.8	31	84	30.9	12	-41	79	98	49	51	220	1880	4	36	29	**	**	**	**	11	0		
Pedro Murias	19.8	23.46	30.3	19	16.4	10.6	31	120	67.4	12	17	85	97	70	41	175	1534	8	66	19	1011	**	**	**	16	0		
Penedo do Galo	16.2	19.67	25.4	6	13.9	10.0	30	122	71.8	12	30	89	99	71	41	179	1622	20	110	19	**	**	**	**	16	0		
Poi	16.9	22.99	35.0	6	12.9	7.7	31	91	25.4	12	**	82	100	54	48	205	1749	**	**	**	942	**	**	**	14	0		
Portomarín	19.0	26.67	38.5	6	13.3	7.0	31	67	21.8	17	**	78	98	47	50	215	1870	**	**	**	965	**	**	**	11	0		
Riotorto	18.7	24.06	31.0	6	14.7	7.7	31	146	43.9	12	41	88	100	63	38	164	1634	6	71	19	**	**	**	**	12	0		
Sambreixo	17.2	24.26	36.4	6	10.9	3.9	31	71	28.4	12	**	83	99	55	46	199	1771	**	**	**	**	**	**	**	11	0		
**San Clodio	21.3	29.31	40.8	6	14.0	7.5	31	48	13.4	12	**	70	97	40	**	**	**	3	28	29	986	**	**	**	8	0		
**San Fiz	19.5	26.27	37.6	6	14.2	7.3	31	63	21.9	12	-76	75	94	48	52	224	1989	4	35	29	971	**	**	**	10	0		
Santa Cruz	19.3	24.84	29.7	7	13.8	5.3	31	103	50.2	12	13	83	100	58	39	166	1624	4	60	19	**	**	**	**	10	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 8

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Serra Vacaloura	16.8	23.37	35.0	6	12.5	8.1	31	95	33.3	17	-26	84	100	53	55	238	1961	15	70	19	**		12	0		
Ventosa	16.6	23.36	35.2	6	11.3	5.6	31	94	24.5	12	-36	77	95	49	56	239	1929	9	59	19	914		13	0		
**Vilamor	19.3	24.14	28.9	27	15.1	7.0	31	116	66.2	12	-76	76	90	56	38	163	1534	5	58	19	**		11	0		
**Xabrega	20.2	28.72	39.4	6	13.5	6.3	31	39	12.3	12	--	72	94	39	51	220	1937	3	45	20	979		9	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 8

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	17.7	24.28	33.2	6	11.0	4.6	30	50	19.2	11	--	64	88	38	65	278	2278	10	57	29	903	7	0					
**A Portela	21.7	29.94	40.5	6	14.4	8.6	31	57	27.4	11	-103	64	93	34	62	265	2036	5	36	19	**	6	0					
**A Trabe	20.0	26.72	35.4	6	13.6	8.7	30	35	16.7	20	-127	64	86	39	67	285	2218	4	32	6	928	5	0					
Alto do Rodicio	16.7	22.65	34.2	6	11.9	6.9	30	70	19.5	11	-66	78	97	51	62	265	2101	11	53	19	907	10	0					
Amiudal	18.9	26.28	36.1	6	13.7	8.5	31	50	16.3	19	--	73	96	43	63	272	2119	9	59	19	953	9	0					
As Petarelas	19.8	27.91	38.2	6	12.8	7.1	30	57	25.2	11	**	68	94	38	63	269	2169	**	**	**	**	7	0					
Baltar	17.7	25.86	35.5	6	9.4	4.0	31	2	1.0	19	-153	66	95	35	68	290	2249	8	51	19	926	4	0					
Cabeza de Manzaneda	12.9	16.68	26.1	6	9.2	1.5	30	50	13.3	12	-81	71	94	42	63	271	2086	20	73	19	827	8	0					
**Calvos	16.0	24.62	34.5	6	6.5	-0.2	31	20	9.8	19	-125	79	100	45	64	275	2207	7	49	20	**	7	2					
Casaio	17.0	22.04	30.5	6	12.4	4.6	30	31	12.1	12	**	61	85	37	**	**	**	6	67	20	**	6	0					
**Corzos	15.9	22.99	32.7	6	9.1	2.1	30	28	6.8	11	**	70	92	44	**	**	**	7	44	19	**	8	0					
Entrimo	18.8	26.47	35.9	6	12.6	6.7	30	65	29.1	19	**	75	95	48	53	227	1969	**	**	**	**	6	0					
**EVEGA Leiro	21.3	31.19	41.2	6	13.4	6.3	31	37	9.2	11	**	69	94	35	**	**	**	2	38	19	1004	7	0					
Gandarela	19.4	27.38	36.1	6	13.9	8.6	30	23	5.3	19	-127	72	94	43	61	260	2081	6	48	20	945	8	0					
Lardeira	14.1	19.42	28.4	6	9.9	2.3	30	41	12.1	11	-105	68	91	42	63	271	2166	17	93	20	841	7	0					
**Larouco	20.4	27.82	37.7	6	13.8	7.5	31	26	14.1	11	**	61	84	35	**	**	**	4	36	19	956	7	0					
Laza	20.3	28.74	38.9	6	12.8	5.9	31	16	8.4	11	-145	66	97	34	65	278	2148	7	50	19	**	6	0					
Monte Medo	18.9	26.51	36.9	6	12.2	6.1	31	2	1.0	12	**	72	97	41	58	250	1992	**	**	**	**	3	0					
O Invernadeiro	16.9	24.63	33.3	6	9.2	4.0	31	86	42.9	11	-66	69	91	42	65	279	2202	8	47	6	902	7	0					
Ourense	21.9	30.53	40.7	6	14.9	7.6	31	33	8.8	17	**	63	88	33	**	**	**	**	**	**	**	6	0					
Ourense-Estacións	22.2	30.2	39.4	6	15.8	9.1	31	38	9.9	17	-116	64	87	35	60	259	2009	4	42	20	1001	7	0					
**Pazo de Fontefiz	19.9	27	38.1	6	14.1	8.4	31	89	44.2	11	-92	71	92	44	57	244	1951	4	36	17	969	7	0					
**Ponte Boga	20.0	27.43	37.8	6	13.9	7.4	31	28	12.6	12	-125	63	83	37	57	244	2006	4	46	20	962	8	0					
**Prado	21.5	30.29	39.9	6	14.4	7.0	31	26	9.3	11	**	69	92	41	**	**	**	2	28	20	1001	6	0					
Remuíño	21.1	30.89	39.6	6	13.7	7.1	31	44	11.0	19	--	71	95	38	58	248	2017	5	44	29	**	9	0					
**Riós	19.3	26.17	35.1	6	12.8	7.5	30	59	44.9	11	-104	66	91	38	67	285	2242	5	57	11	**	6	0					
San Xoán de Río	16.7	23.14	34.0	6	11.5	5.4	30	57	17.0	12	-79	76	96	48	59	253	2037	12	45	19	902	8	0					
Serra do Eixe	16.1	21.94	32.7	6	10.7	3.5	30	56	15.5	17	-84	77	97	49	64	274	2180	12	78	19	881	6	0					
Verín-Vilamaior	20.8	28.94	38.2	6	13.5	7.4	30	20	16.0	11	-150	64	89	35	67	287	2240	7	43	11	954	5	0					
Verín-Vilela	20.2	29.54	38.5	6	10.4	2.8	31	20	18.9	11	-134	69	98	36	66	282	2154	5	48	29	**	5	0					
Viana do Bolo	18.3	26.51	35.3	6	10.7	4.0	31	36	24.7	11	-111	71	96	41	60	258	2098	7	48	20	920	5	0					
Xares	13.5	17.84	26.3	6	9.6	1.8	30	27	6.8	12	-116	66	89	41	67	285	2222	18	72	20	827	8	0					
Xinzo	18.4	26.69	37.2	6	10.0	2.9	31	10	2.6	11	-129	75	100	42	55	235	2045	8	53	11	945	7	0					
Xurés	17.4	23.7	33.2	6	12.1	6.1	30	22	6.0	19	--	71	94	44	70	297	2313	--	--	--	899	7	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 8

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
**A Armenteira	18.2	23.65	30.7	6	13.4	8.5	31	124	29.2	17	0	83	97	62	52	225	1932	5	53	19	**			10	0			
A Granxa	20.4	27.95	35.4	6	13.5	6.8	31	58	25.6	19	-86	76	97	48	64	273	2091	4	43	19	1012			9	0			
A Lanzada	19.5	23.81	28.9	7	15.8	10.9	30	81	24.4	17	-52	83	96	67	65	280	2128	15	71	19	**			9	0			
**Areas	20.3	26.27	33.9	6	15.2	10.0	30	88	27.2	19	-49	89	100	65	63	268	2139	3	36	30	**			10	0			
**As Eiras	19.7	25.21	30.6	4	14.6	9.0	30	61	19.8	19	-76	81	98	58	64	275	2116	4	36	19	1011			8	0			
Atios	20.2	26.74	33.6	6	14.0	7.8	31	65	34.2	19	-74	83	100	54	62	267	2125	5	39	19	**			9	0			
Baiona	19.3	22.36	24.8	25	16.0	11.9	31	55	23.8	19	-80	87	99	71	70	298	2252	8	62	19	**			8	0			
**Barrantes	19.5	24.51	29.8	4	14.6	8.5	30	95	28.2	17	-24	81	97	62	54	232	1815	5	43	19	**			10	0			
Cabo Udra	18.9	22.65	26.9	24	16.1	12.6	31	70	20.9	12	--	88	99	71	62	264	2129	14	88	19	**			8	0			
Caldas de Reis	19.2	25.73	34.0	5	14.8	9.5	31	128	46.1	17	-2	79	96	54	50	217	1904	7	59	19	985			11	0			
**Camanzo	19.6	26.13	35.8	6	14.4	7.7	30	87	28.5	17	-38	78	95	54	51	219	1914	5	54	19	992			11	0			
Cangas-Porto	19.4	22.48	27.1	24	16.8	13.2	31	82	21.7	19	**	80	91	64	**	**	**	9	56	19	**			9	0			
Castro Vicaludo	17.8	20.99	28.9	6	15.0	10.7	30	85	34.2	19	-40	84	96	65	62	266	2099	13	90	19	961			9	0			
**Cequelifios	21.0	28.38	35.7	6	15.0	10.1	31	27	10.8	17	-131	69	93	41	63	268	2115	6	44	18	**			8	0			
Corón	19.8	23.04	28.7	5	17.0	11.9	31	122	49.0	17	-34	80	92	64	64	276	2135	16	68	19	1015			7	0			
**Entenza	20.5	27.29	34.4	6	14.7	9.4	30	49	23.0	19	-93	76	98	50	57	245	2094	2	33	19	**			8	0			
Forcarei	17.1	22.52	31.9	6	12.9	7.9	31	152	53.3	19	35	86	99	61	57	244	2035	13	64	19	**			13	0			
Fornelos de Montes	18.0	22.64	30.9	6	14.3	8.9	30	150	59.0	19	9	76	93	55	64	272	2132	13	67	19	936			10	0			
Gargamala	20.3	27.13	35.6	6	14.9	10.4	31	83	27.0	19	-64	78	98	50	64	273	2148	4	39	29	**			7	0			
Illas Cíes	18.8	22.03	26.2	24	16.2	13.7	30	68	22.6	19	-74	91	100	74	62	266	2095	11	85	19	**			8	0			
Lalín	17.9	24.4	34.7	6	12.8	7.0	30	99	28.7	17	**	80	100	50	**	**	**	8	52	19	**			11	0			
**Louredo	19.0	24.53	30.3	6	15.0	10.5	31	42	18.9	19	**	86	99	65	**	**	**	2	23	29	988			8	0			
Lourizán	19.9	25.21	30.7	4	15.6	10.0	31	93	25.4	19	-37	83	99	60	54	230	1975	3	38	19	1010			10	0			
**Meder	21.3	29.37	37.6	6	15.2	10.1	31	50	22.0	19	**	69	90	43	**	**	**	2	42	9	999			8	0			
Monte Aloia	18.6	24.54	34.7	6	14.5	10.2	31	111	45.8	19	-2	83	98	61	42	178	1698	7	56	19	961			9	0			
Mouriscade	17.7	25.07	35.5	6	10.8	3.3	31	64	17.6	19	-65	80	99	51	58	248	1992	4	45	19	959			10	0			
O Viso	19.7	27.63	35.0	4	14.6	9.7	31	132	34.9	16	-12	75	94	50	53	229	1919	7	54	19	985			9	0			
Ons	18.9	22.89	28.1	4	16.0	12.0	31	70	18.6	12	--	**	**	**	--	--	2040	17	86	19	--			10	0			
**Pé Redondo	19.4	24.56	30.3	4	15.1	11.0	31	94	25.5	17	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	**			11	0			
**Ponte Caldelas	18.8	24	31.5	6	13.5	9.5	30	117	29.3	19	-20	76	92	56	63	268	2038	6	51	19	975			10	0			
Pontevedra-Campolongo	20.9	26.72	32.3	4	16.3	10.5	30	88	23.3	19	**	77	97	53	**	**	**	3	40	29	**			11	0			
Porto de Vigo	20.0	23.06	26.5	4	17.6	14.7	30	70	23.9	19	-69	82	93	66	66	282	2171	11	55	29	1014			8	0			
Rebordelo	18.4	25.05	33.8	6	11.9	5.2	31	109	41.3	19	**	82	100	56	61	262	2023	**	**	**	975			10	0			
San Nomedio	18.8	23.96	32.2	6	15.2	9.8	30	88	35.7	19	-49	79	95	56	61	259	2059	14	70	17	**			9	0			
Sanxenxo	19.9	24.45	29.5	5	16.3	11.8	31	86	22.4	12	-42	78	92	59	55	238	1884	5	48	19	1013			9	0			
Serra do Faro	16.2	21.76	33.5	6	12.3	6.4	30	102	24.8	11	-25	78	96	53	57	245	1937	15	74	19	905			11	0			
**Simes	19.8	25.75	31.5	6	14.5	8.5	31	86	17.8	17	**	81	97	60	58	250	1990	**	**	**	**			9	0			
**Soutomaior	19.8	25.36	31.4	6	15.3	10.9	30	107	28.9	16	**	72	88	50	**	**	**	2	33	29	996			10	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 8

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
**Torrequintáns	20.3	25.46	32.7	4	15.8	9.8	30	103	31.1	17	-33	83	98	63	59	251	2081	5	55	19	1008	9	0		
**Tremoedo	19.7	24.36	30.7	4	15.6	10.1	30	95	28.1	17	**	78	94	59	**	**	**	4	44	19	1009	8	0		
Vigo	19.7	23.86	28.0	24	16.1	11.6	30	62	27.1	19	**	78	94	60	**	**	**	**	**	**	**	9	0		
Vigo-Campus	18.2	21.53	28.5	6	15.4	10.5	30	63	23.6	19	-76	81	95	64	66	283	2202	6	68	19	964	10	0		
Xesteiras	16.3	20.6	28.9	6	13.1	8.6	30	192	64.8	17	**	86	99	64	**	**	**	21	92	19	**	12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.